

**Hª DE ESPAÑA 2º BACH. INDICACIÓN PARA ELABORAR UN CUESTIONARIO PARA ENTREVISTAS
DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA. IES MONELOS, A CORUÑA.**

Pasos a seguir:

- 1. aclarede coas persoas entrevistadas sobre que etapa ou etapas da nosa historia van falar: a) A 2ª República b) A Guerra Civil, c) O franquismo (Posguerra, Desenvolvemento económico e inmovilismo político, Agonía do franquismo), d) A Transición.**
- 2. Informádevos sobre dita etapa/etapas, no libro de texto, noutros libros ou en internet, e anotade sobre que asuntos vos interesaría preguntar.**
- 3. Elaborade un cuestionario completando ou variando este coas propostas da fotocopia, coas vosas propias preguntas e coas suxestións dos entrevistados e entrevistadas.**
- 4. Antes de realizar a entrevista, aclarede coa persoa/as entrevistadas a finalidade escolar deste traballo e que serán respectadas as súas opinións e o seu anonimato no caso de que así o decidan.**
- 5. Cubride unha ficha cos datos da persoa entrevistada**

Nome (soamente se quere ser identificado/a) ou sexo:

Idade:

Lugar de nacemento:

Sobre que etapa/s da Historia de España do s. XX vai informar? Concretar os anos:

Onde residía cando ocorreron os feitos que relata?

Estudos:

Profesión:

Estado civil:

Ten fillos/netos?

Afinidades políticas

a) durante a etapa histórica sobre a que informa:

b) na actualidade:

Data de realización da entrevista:

Incidencias:

6. Para elaborar o cuestionario consultade a fotocopia adxunta que detalla os diferentes aspectos que se poden tratar. Sería interesante que tratádesedes todas as partes, aínda que centrándovos nas preguntas que máis vos interesen a vos ou á persoa entrevistada:

- A infancia, a escola, as diferenzas entre mozos e mozas e a forma de relacionarse, etc.
- A vida na casa e as relacións familiares, a liberdade.
- As actividades no tempo de lecer.
- O mundo do traballo: condicións, diferenzas entre homes e mulleres, horarios, salarios, existencia ou non de organizacións sindicais, de protección laboral, etc.
- O papel da muller na familia e na sociedade: formación, actividades, igualdade, ...
- A vida política: ideoloxías, existencia ou non de dereitos e liberdades, de partidos políticos, eleccións, a clandestinidade e a represión, etc.
- O exilio e a emigración: causas, lugares de destino, adaptación e traballos, etc.

7. Valoración da época/épocas tratadas, comparación coa actualidade e conclusións.

8. A Presentación e a redacción deben ser correctas e o traballo debe presentar un índice, bibliografía e datos das páxinas web utilizadas.

9. O prazo de entrega será, como tope, a última semana de marzo.

10. O traballo pódese realizar individualmente ou a dúo.